

OS TRANSPORTES



AVIÓN



PATINETE



NUBE



COCHE



TREN



CAMIÓN



AUTOBÚS

AO **COCHE** DE MAMÁ
SUBIRON UN **PATINETE**,
UN **AUTOBÚS** E UN **CAMIÓN**.
O **TREN** PENSA ALÁ, NAS **NUBES**:
«MELLOR VIAXAR EN **AVIÓN**».



NO XARDÍN



VIOLETA



XIRASOL



MARGARIDA



XASMÍN



VIOLÍN



ROSA



PAPOULA

HOXE TODAS AS FLORES SAEN DE EXCURSIÓN.
MARCHAN POR PARELLAS TRAS DON **XIRASOL**.

MARGARIDA E ROSA.

VIOLETA E XASMÍN.

PAPOULA DI:

«COMO VOU SOA,
TOCAREI O **VIOLÍN**».



NO PARQUE



TOBOGÁN



ÁRBORE



BAMBÁN



BANCO



PIPICÁN



FONTE



TELEVISIÓN

NO PARQUE DO MEU BARRIO
HAI UN **BANCO** BAIXO UNHA **ÁRBORE**
ONDE ME GUSTA ESTAR.
SUBO AO **BAMBÁN**.
BAIXO POLO **TOBOGÁN**.
BEBO NA **FONTE**.
E O MEU CAN XOGA NO **PIPICÁN**.

